

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE) E A A FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO MALAIKAS PARA O EMPODERAMENTO DE MULLERES MIGRANTES EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE E RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

Santiago, 24 de outubro de 2019

REUNIDOS

Dunha banda,

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, representada por Alfonso Rueda Valenzuela, Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia"

E doutra

E doutra

A A Fundación Juan Soñador V36651081, representada neste acto por D. José María Blanco Alonso, da súa condición de representante legal, de acordo co nomeamento outorgado segundo o disposto no artigo 25.6 dos seus estatutos e segundo resulta da escritura de poderes otorgada en León ante o Notario D. José Antonio Bollo de Miguel con data do 12 de novembro de 2014 baixo o número 1.946 do seu protocolo.

Todas as partes recoñécense a súa capacidade para obrigarse e acordar e,



Xacobeo 2021

galicia

EXPOÑEN

Primeiro.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia (Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril), e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro.

Segundo.

Que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

Terceiro

Que a Disposición Adicional Segunda da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, establece que o Goberno da Xunta de Galicia impulsará a formalización de acordos interinstitucionais de coordinación entre as diversas instancias e administracións públicas con competencia no ámbito da violencia de xénero, que sirvan de canle de actuación e colaboración para conseguir unha atención integral e coordinada dirixida ás mulleres que sofren violencia de xénero.

Cuarto

A Fundación Juan Soñador, entidade de carácter social sen ánimo de lucro, promovida pola Familia Salesiana do noroeste de España e inscrita no Rexistro de Fundacións asistenciais no Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais co número 24-0061, el 19 de setembro de 2002, recolle nos seus estatutos como obxecto de actividades fundacionais, "Desenvolver proxectos de promoción social de barrios populares con un alto índice de problemática social, mediante proxectos socioeducativos, culturais, de ocio y tempo libre,



de educación de calle, de promoción de la muller e igualdade de xénero". Conta con equipos educativos profesionais, estables e identificados cos seus valores fundamentais (ser axentes de cambio e transformación social, por medio dunha proposta socioeducativa integral e de calidade, promovendo o protagonismo activo das persoas excluídas como suxeito de dereitos; proposta educativa cun criterio preventivo, que non se reduce á protección social senón que vai ás causas que provocan a exclusión; estilo educativo baseado nunha relación persoal de proximidade, familiaridade e a aceptación da persoa, con actitudes que desenvolvan a súa autoestima e o recoñecemento da súa dignidade)

Dentro do seu Programa Teranga, de atención integral a persoas migrantes, encádrase o proxecto Malaikas, para o empoderamento de mulleres migrantes en situación en situación de vulnerabilidade e risco de exclusión social, con intervención nas cidades de Lugo, Vigo, Ourense e A Coruña.

Quinto

Que a violencia que nas súas distintas formas se exerce contra as mulleres supón un serio atentado contra a dignidade e a integridade física, psíquica e moral destas e, en consecuencia, unha grave e intolerable violación dos dereitos humanos. A súa prevención e erradicación compete aos poderes públicos, que teñen a obriga de articular medidas de sensibilización, asesoramento, atención e protección ás mulleres que a sofren, procurando os medios efectivos e axeitados a cada caso e as alternativas para o exercicio dos seus dereitos como cidadás nun estado democrático.

Tendo en conta que as necesidades específicas das mulleres migrantes en situación de vulnerabilidade e risco de exclusión social non están cubertas, é preciso articular as ferramentas axeitadas para a defensa dos seus dereitos, de cara a rachar co seu illamento e favorecer o seu empoderamento.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, estima de interese público establecer una liña de traballo conxunto, e propónse a colaboración coa a Fundación Juan Soñador, para canalizar o dito interese.

Por todo o indicado, as dúas partes acordan formalizar o presente Convenio de Colaboración, que se rexerá conforme ao disposto nas seguintes:



CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO E FINALIDADE.

O obxecto deste Convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, e a Fundación Juan Soñador para o desenvolvemento do proxecto Malaikas, para ou empoderamento de mulleres migrantes en situación de vulnerabilidade e risco de exclusión social, con intervención nas cidades de Lugo, Vigo, Ourense e A Coruña.

Obxectivos específicos:

- Incrementar as redes de apoio social das mulleres que participen en Malaikas.
- Mellorar o benestar emocional das mulleres e a posibilidade de afrontar situacións persoais, familiares e sociais, a través de espazos grupais e comunitarios.
- Sensibilizar á cidadanía sobre a situación das mulleres migrantes, a través dun enfoque de igualdade e xénero.

SEGUNDA.- EIXES DE ACCIÓN.

- Creación dun espazo grupal de mulleres migrantes onde poder xuntarse, falar, soñar, tecer redes sociais e alianzas de apoio.
- Fomento do encontro a través de temas de interese para o crecemento persoal.
- Consideración das mulleres como axentes multiplicadores de vida nas súas familias.
- Aposta pola sabedoría tácita das mulleres e a súa participación en diversos foros sociais dándolles visibilidade.

TERCEIRA.- ACTIVIDADES A DESENVOLVER

Malaikas se desenvolverá en cada cidade cun grupo de mulleres onde se levarán a cabo estas actividades:



CIF. G - 24452435
Av. Antibióticos, 126
24009 LEÓN

Fundación Juan Soñador





1.- Acollida diaria das mulleres. As mulleres participantes contarán cun espazo de acollida diaria onde poderán recibir a información que precisen e utilizar as instalacións e os medios tecnolóxicos á súa disposición (ordenadores para búsquedas de emprego, contactos coas familias nos países de orixe etc.) así como para facilitar o contacto con outras persoas e favorecer o intercambio cultural.

2.- Encontros formativos, obradoiros dende unha perspectiva participativa que favoreza o empoderamento e o intercambio de experiencias. Os encontros serán grupais fomentando a estabilidade do grupo ata crear un vínculo entre elas que poida superar os encontros formais.

3.- Encontros lúdico festivos, con saías en grupo, excursións pola cidade, festas de aniversarios, celebracións, gastronomía, etc. Estes encontros lúdicos estarán abertos a todas as mulleres que participan no espazo de acollida.

4.- Encontros de alianzas, favorecendo as relacións entre as participantes incluso fora do espazo do centro, ata crear redes de apoio entre elas.

5.- Espazo de sensibilización, que permita dar visibilidade e comunicar á cidadanía a situación das mulleres migrantes. Utilizaranse as redes sociais para este fin, facebook, twitter, así como a páxina Web da Fundación Juan Soñador.

CUARTA.-COMPROMISOS DAS PARTES.


A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría xeral da Igualdade comprométese a:

a) abonar á A Fundación JuanSoñador a compensación polos gastos correntes en que incorrese polo desenvolvemento das actividades recollidas na cláusula anterior, por un máximo de 35.000 €, nos termos e coas condicións establecidas no presente convenio.

b) facilitar material informativo e de sensibilización a prol da eliminación da violencia de xénero á Fundación Juan Soñador, para a súa distribución nas accións formativas, así como a poñer a disposición da Fundación contidos formativos sobre violencia de xénero a incluír no seu programa de formación, de xeito que permita ás e a aos profesionais ampliar os seus coñecementos ao respecto



CIF. G - 24452435
Av. Antibióticos. 126
24005 LEON
Fundación Juan Soñador
Jose M. B.



A Fundación JuanSoñador, comprométese ao desenvolvemento do proxecto Malaikas, para o empoderamento de mulleres migrantes en situación en situación de vulnerabilidade e risco de exclusión social- con intervención nas cidades de Lugo, Vigo, Ourense e A Coruña- nas condicións establecidas no presente convenio, realizando as actividades relacionadas nas cláusulas terceira deste convenio, e facilitando os recursos humanos e materias precisos para acadar os obxectivos previstos no presente convenio de colaboración.

QUINTA.- ORZAMENTO

Para sufragar os gastos derivados do presente convenio, a Secretaría Xeral da Igualdade aboará á A Fundación Juan Soñador a cantidade de 35.000 € (trinta e cinco mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 05.11.313D.481.0 (código de proxecto 2012 00931) dos orzamento xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, para os gastos de persoal e gastos correntes efectivamente realizados no exercicio 2019 derivados da realización das accións previstas.

O financiamento deste Convenio enmárcase nos fondos da Conferencia Sectorial de Igualdade, correspondentes á CCAA de Galicia.

SEXTA.- DURACIÓN.

O presente Convenio producirá efectos a partir da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2019.

SÉTIMA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscripción do presente Convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto, dependentes a Fundación Juan Soñador, e a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de tal xeito que, por este concepto non se lle poderá esixir a este departamento ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria.



OITAVA.-CAUSAS DE EXTINCIÓN.

Será causa de extinción deste Convenio

- a) O incumplimento inxustificado, total ou parcial, dos compromisos establecidos.
- b) O mutuo acordo, que deberá ser motivado e manifestado por escrito antes da finalización do Convenio
- c) A desaparición das causas que motivaron a sinatura do Convenio.

NOVENA. CAPACIDADE

Previamente á formalización do presente convenio, a Fundación Juan Soñador presentou ante a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, xeral de subvencións e que poidan impedir a subscripción do presente convenio.

DÉCIMA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase a través de conta xustificativa nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, mediante a presentación da seguinte documentación:

- **Memoria de actuación**, subscrita polo órgano competente da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, número de persoas usuarias ata a data, e dos resultados obtidos. A memoria irá acompañada dun exemplar de todos os materiais elaborados ao abeiro do convenio, nos que deben figurar os logos da Secretaría Xeral da Igualdade e do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade.
- **Certificación** expedida polo órgano competente da Fundación Juan Soñador, dos gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, os documentos xustificativos, os importes e, de ser o caso datas de pagamento.
- **Orixinais das facturas** ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai

referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Os xustificantes orixinais presentados marcaranse cun selo para os efectos previstos no artigo 49 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que conleven **ingresos a conta do IRPF** ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considerárase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) no que se reflicta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da vixencia deste convenio.
- **Declaración responsable** de non ter solicitado ou percibido outras axudas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
- **Declaración responsable** de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.

As actividades contempladas para o mantemento do servizo abarcan de xaneiro a decembro de 2019

A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 16 de decembro de 2019, e deberá presentarse na **Secretaría Xeral da Igualdade con data límite 18 de decembro de 2019**. Non obstante, de acordo co establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse **pagamentos á conta** por un importe de ata o 80% da porcentaxe subvencionada, correspondente aos pagamentos xustificados. Para o seu aboamento será necesario presentar a documentación antedita, agás a memoria de actuación.

DÉCIMO PRIMEIRA- COMUNICACIÓN E MEMORIA FINAL

Co obxecto de lograr a máxima eficacia no desenvolvemento das accións establecidas neste convenio, a Fundación Juan Soñador, deberá remitirle á Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza antes do 31 de xaneiro de 2020:

a) unha memoria final de actuación na que se recollerán, todos as actuacións desenvolvidas, co desglose que se relaciona na cláusula terceira deste convenio e respecto ás accións desenvolvidas, con indicación de:

- N° total de accións, especificando para cada unha delas:

1.N° de participantes

2.Relación das participantes

3.Localidades e provincias onde se desenvolveu cada acción

4.Calquera outra circunstancia/s que se considere necesaria para asegurar a eficacia e coordinación na realización das accións

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como nas demais disposicións vixentes sobre a materia.

DÉCIMO SEGUNDA.- OBRIGAS

a) No desenvolvemento das actuacións sinaladas neste convenio a Fundación Juan Soñador, non percibirá ningunha remuneración por parte das persoas usuarias das accións, e deberá facer constar en toda a publicidade ou presentación pública que se realice a colaboración técnica e financeira que presta a Secretaría Xeral da Igualdade, utilizando correctamente a identificación da Secretaría Xeral da Igualdade da



Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, así como do Ministerio de la Presidencia, Relaciones con la Cortes e Igualdad, e a denominación do programa.

b) A Fundación Juan Soñador deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

c) A Fundación Juan Soñador comprométese a empregar a lingua galega en todas as actuacións derivadas do presente convenio, incluído o servizo telefónico de atención, se fora o caso, e a información en páxinas web.

d) A Fundación Juan Soñador queda obrigada a realizar a divulgación das actuacións segundo as instrucións que determine a Secretaría Xeral da Igualdade e facer constar expresamente en toda a publicidade ou presentación pública que se realice que as axudas están a ser financiadas con fondos do Ministerio de de la Presidencia, Relaciones con la Cortes e Igualdad e Igualdade e da Xunta de Galicia.

e) A Fundación Juan Soñador, deberá cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria ou entidade colaboradora establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e tamén deberá cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións.

f) A Fundación Juan Soñador presentarlle á Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ao remate da vixencia do convenio, os datos relativos ás persoas participantes nas accións desenvolvidas segundo o modelo facilitado pola Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

DÉCIMO TERCEIRA.- COMPATIBILIDADE

Esta axuda é incompatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

DÉCIMO CUARTA.- PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento dos artigos 29 e 30 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consejo de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas en canto ao tratamento de datos personais e a la libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Reglamento Xeral de protección de datos), a Fundación JuanSoñador, en calidade de encargada do tratamento, realizará actividades de tratamento por conta da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Secretaría xeral da Igualdade) en calidade de Responsable do tratamento, respecto aos datos de carácter persoal necesarios para a execución do presente convenio.

Así mesmo adaptarán as súas actuacións ao previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, así como nas demais disposicións vixentes sobre a materia.


O tratamento de datos consistirá nas actividades necesarias para xestionar o presente convenio

DÉCIMO QUINTA.- PUBLICIDADE.

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informarán na páxina web oficial da dita subscripción cos seguintes datos básicos: identificación das partes que interveñen, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza publicará

CIF. G - 24452435
Av. Antibióticos 136
24009 I C N

fundación
Juan Soñador



Xacobeo 2021

galicia

no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial, a relación das/dos beneficiarias/os e o importe das axudas concedidas e incluírá as sancións que, como consecuencia delas, se puidesen impoñer nos correspondentes rexistros públicos. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso da/o beneficiaria/o a favor da Administración concedinte, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicidade.

Por outra banda, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións

DÉCIMO SEXTA.- RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO, SEGUIMIENTO E CONTROL.

Este convenio ten carácter administrativo rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

En todo caso, o Convenio no se atopa comprendido en ningún dos contratos regulados pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Para o seguimento da súa execución ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos do mesmo que poidan xurdir, créase

unha comisión mixta, que estará integrada por:

- pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: A Secretaria xeral da Igualdade, que poderá dispor que a substitúa algún/ha funcionario/a deses departamentos.
- pola A Fundación Juan Soñador: a súa Presidenta/Presidente ou persoa que esta dispoña para que a substitúa.

En proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por duplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

O VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE
PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E
XUSTIZA

O REPRESENTANTE LEGAL DA
FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR

P.D. (Orde do 29 de decembro de 2017)

A SECRETARIA XERAL DA IGUALDADE



[Signature]
Susana López Abella



CI.F. G - 24452435
Av. Antibióticos, 126
24009 LEÓN
fundación Juan Soñador
D. José María Blanco Alonso,